



---

## ANTECEDENTES

---

**De conformidade coas competencias atribuídas  
ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño,  
previa análise pola Comisión Sectorial nº1: *Economía, Emprego e  
desenvolvemento territorial*, e de acordo co procedemento previsto  
no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,  
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia,  
na súa sesión 02/01, do 7 de marzo, celebrada na cidade de Lugo,  
acorda por unanimidade emitir, por propia iniciativa, o seguinte informe:**

INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA:  
**ÁREA FUNCIONAL DE LUGO**

### **A.- Xénese do informe**

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/98, adoptou o acordo de proceder á elaboración dunha colección de informes sobre “*as áreas funcionais de Galicia*”. Despois dun primeiro traballo sobre a área funcional de Ferrol, a Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, abordou a elaboración do estudo da área funcional de Lugo.

### **B.- Obxecto do informe**

O obxecto deste segundo informe da colección é analiza-la situación da área funcional de Lugo coas súas debilidades e fortalezas. Como en estudos anteriores, na parte final do

mesmo inclúense unhas consideracións consensuadas polos representantes das distintas entidades do Consello sobre as ameazas e oportunidades reais para o desenvolvemento e creación de emprego na área.

### **C.- Metodoloxía e alcance do informe**

O alcance global do Informe abarca as doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas definidas no Plan Comarcal de Galicia. Esta adicada a Lugo é a segunda entrega da colección.

Respecto ó seu ámbito xeográfico, a área Funcional de Lugo inclúe as comarcas de Os Ancares, A Fonsagrada, Lugo, Meira, Sarria, a Terra Chá e A Ulloa, na zona central da provincia.

A metodoloxía do Informe baséase en concreta-la análise da situación económica e social da área funcional de Lugo, nos apartados de emprego, sectores productivos, desenvolvemento territorial e panorama social.

As consideracións consensuadas dos membros do Consello sobre á análise efectuada pechan o contido do Informe, que inclúe tamén anexos estatísticos con datos de interese sobre distintos parámetros da realidade socioeconómica da área funcional.